



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DO 19 DE DECEMBRO DE 2018**

Na Sala do Consello de Goberno da Reitoría da Universidade, ás 09:35 horas, en segunda convocatoria e logo de se comprobar a existencia de quórum bastante, deu comezo a sesión de acordo coa Orde do día que figura como **anexo I**

Asisten as persoas que figuran como **anexo II** da presente acta excusando a súa asistencia a profesora Adriana Ávila Álvarez.

### **1. Informe do Reitor**

O reitor inicia a súa intervención parabenizando ao profesor Ricardo García Mira polo seu nomeamento como Doutor Honoris Causa pola Universidade Alexandru Ion Cuza de Iasi (Romania).

A seguir informou da presentación do informe anual “La Universidad en cifras”, da Fundación CYD, que revela claramente o descenso no financiamento do ensino superior no Estado español en contraste con outros países da OCDE. A imaxe do SUG é positiva xa que malia situarse entre o décimo e o décimo primeiro posto em financiamento acada o quinto en resultados dentro do conxunto das Comunidades Autónomas. Como anexo do informe acompáñase un estudo sobre as prazas ofertadas en Maxisterio, que foi o único que os medios salientaron dándolle un nesgo moi acusado ao punto de provocar a reacción dos decanatos de Maxisterio e Ciencias da Educación. Destaca o reitor que o desequilibrio procede do incremento de prazas nesta titulación por parte das Universidades privadas.

Sobre a Cidade das TIC, e diante das informacións aparecidas nos medios, o reitor informa da existencia dunha colaboración moi intensa coas empresas TIC da Coruña, nomeadamente a través da Fundación CITIC que reúne o Concello da Coruña, o Clúster TIC e outras entidades. Neste marco, as empresas demandan instalarse no CITIC, onde xa hai varias ubicadas, a fin de estaren próximas aos grupos de investigación que realizan transferencia. Dado que a capacidade de aloxamento do CITIC está esgotada, barallouse a posibilidade de ampliar o centro actual ou mesmo de procurar novas ubicacións. É nese momento que, a raíz doutros contactos co Ministerio de Defensa, aparece a alternativa da Fábrica de Armas. Do que se trataría é de ubicar neses terreos un novo centro tecnolóxico da UDC, xunto con empresas TIC e centros que impartan títulos propios da UDC: ese é o proxecto da Cidade das TIC que depende da decisión que adopte Defensa. Chegada esa decisión, será o tempo de elaborar un proxecto que a UDC quere que estea informado por criterios de sustentabilidade. En definitiva, un reto para a UDC e para a comarca da Coruña, que podería crear máis de 2.000 empregos. Acrecentou que dos terreos só se ocuparían os 90.000 m<sup>2</sup> que ocupan os edificios actualmente existentes. O único que se solicitou ao IGAPE – e non pola UDC senón polo Clúster das TIC – é financiamento para a construción dun edificio por valor de 12 M€.

A seguir, os demais membros do equipo de goberno informaron dos asuntos correspondentes ás súas áreas.

A **vice-reitora de Organización Académica e Innovación Docente** informa dos seguintes asuntos:

O 3 de decembro celebrouse unha reunión á que asistiron os coordinadores dos tres campus de especialización da UDC, para tratarmos da acción que debe desenvolver a Universidade de cara á posta en marcha do STEM-bach. Decidiuse que a coordinadora do Campus Innova, Susana Ladra, e o coordinador do Campus Industrial, Ginés Nicolás, foran os encargados de asistir ás distintas reunións coa Consellería e centros educativos, de difundir a información entre os centros da UDC, de propoñer distintos eventos vinculados con esta iniciativa e de crear una páxina web desde a que se centralizará toda a información, como por exemplo, as liñas de traballo ofertadas polo profesorado da UDC. Precisamente, na CGIACA de hoxe vaíase tratar a proposta que fixemos desde as universidades do SUG de que a participación do PDI no STEM-bach se inclúa como mérito na convocatoria dos complementos de Excelencia Curricular Docente e Investigadora.

Celebrouse unha reunión o día 5 de decembro na ACSUG onde, entre outras cuestións, se nos informou de que non está contemplado que os centros que foron ao plan piloto da acreditación institucional vaian ter unha resposta. Non tiveron tempo para avalialos nin para elaborar un modelo de autoinforme para facer este seguimento. Finalmente só dous programas de doutoramento (Química ambiental e fundamental, e Computación) van ir a un plan piloto de acreditación, porque se está á espera dunha moratoria de dous anos que anunciou o Ministerio, e que ten intención de publicar de xeito inminente.

O día 29 de novembro fíxose entrega na sede da Universidade Sénior dos diplomas do proxecto de Democratización do Coñecemento que se fixo durante os meses de outubro e novembro no Concello de Betanzos. A finais do mes de xaneiro poremos en marcha un programa similar no concello da As Pontes, aínda que neste caso vinculado ao tema da sustentabilidade.

Esta vicerreitoría foi convidada a participar cun relatorio no Congreso Internacional da Asociación Internacional de Universidades da Terceira Idade (AIUTA), celebrado en Mauricio, os días 21, 22 e 23 de novembro. O multiculturalismo era o tema do congreso. Establecéronse contactos con distintas universidades para a realización de intercambios académicos.

Na VII convocatoria do programa Docencia estaba previsto enviar as resolucións ao profesorado entre 18 e 21 de decembro, pero imos adiar uns días o seu envío porque desde a UTC fíxose una revisión global dos informes e decidiuse ter unha reunión de traballo cos presidentes dos Comités para poder homoxeneizar algunhas cuestións relacionadas principalmente coas accións de mellora propostas. En calquera caso, as resolucións serán enviadas antes de rematar o 2018.

A pasada semana asistimos ao congreso internacional de Innovación Educativa, que coincidía con VIII Foro de Internacional de Innovación Universitaria. Ambos encontros foron moi produtivos, e puidemos establecer contactos con distintas universidades nacionais e de América latina nas que se está facendo unha aposta moi importante pola innovación en materia de ensino universitario. Esta vicerreitoría foi convidada a participar no papel de vicerreitores/as titulado “Transformación e desenvolvemento do corpo de profesorado para atender aos novos desafíos do coñecemento”. Recomendo entrar na páxina web do congreso, pois alí pódense ver os vídeos das intervencións dos distintos relatores. (<http://ciie.itesm.mx/es/>).



O vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente** informa dos seguintes asuntos:

- 29/11/2018. Autorizouse a transformación dun profesor Titular de Escola a Titular de Universidade ao ter acadado a acreditación a esta última categoría, na área de coñecemento de Álgebra. Esta transformación realízase en aplicación do disposto no artigo 57 da Lei orgánica 6/2001, de Universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007
- 03/12/2018. Autorizouse a suspensión por mutuo acordo do contrato dunha profesora asociada da área de coñecemento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación do 04/12/2018 ao 31/12/2018. Con esta suspensión aténdese por unha necesidade persoal e puntual da interesada, e non ten repercusión sobre a seu encargo docente.
- 04/12/2018. Autorizouse a petición do Departamento de Computación, a contratación pola lista de agarda da praza 18/1011 dun/ha profesor contratado/a interino/a de substitución a tempo parcial P06 debido as necesidades docentes na área de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial ao terse recoñecida unha redución por cargo como colaboradora científico a unha profesora da área de coñecemento que afecta directamente ao encargo do segundo cuadrimestre. Este contrato permanecerá en vigor ata o 31/05/2019.
- 10/12/2018. Debido á toma de posesión como Catedrático de Universidade na UDC de don Miguel Ángel Fernández del Olmo o 21/11/2018, procedeuse a regularización da Comisión de Servizos na Universidade Rey Juan Carlos que fora autorizada por Acordo do Consello de Goberno 25/09/2018. Esta regularización consistiu na autorización da continuidade da Comisión de Servizo ao ter recibido a petición expresa da Universidade Rey Juan Carlos do interese de contar co profesor Fernández del Olmo na súa nova categoría de Catedrático de Universidade
- 13/12/2018. Formalizouse a Comisión de Servizos de dona Marta Sobrido Prieto que fora aprobada por acordo do Consello de Goberno do 29/10/2018. O inicio da comisión de servizos adíase ata o 01/01/2019 e foi autorizada polo Director Xeral da Función Pública por un período de 3 meses prorrogables.
- 17/12/2018. O DOG desta data publica a OEP do SERGAS para o 2018 onde se formaliza a cesión á UDC de 3 prazas da súa taxa de reposición para a convocatoria de prazas dos corpos docentes universitarios. Remitiuse a autorización ao Servizo de PDI para que procedan a convocatoria das prazas vinculadas de Titular de Universidade que foran aprobadas en Consello de Goberno do 19/07/2018.

De seguido, a **vicerreitora de Internacionalización e Cooperación** informou dos seguintes temas:

Participación en xornadas e visitas institucionais:

- A sectorial da CRUE de Internacionalización e Cooperación organizou as I Xornadas de Internacionalización en casa, na Universidade de León, 29 e 30 de novembro . As xornadas centráronse nos intercambios virtuais como ferramentas de internacionalización en casa.



- Os días 3 e 4 de decembro celebráronse as xornadas informativas Erasmus que organiza anualmente o Sepie en Madrid. Como novidades compre destacar a incorporación de Serbia como país asociado do programa Erasmus + e a declaración dos Balcanes Occidentais como zona prioritaria receptora de fondos Erasmus a través de proxectos . Nestas xornadas informouse da recente transposición da normativa europea respecto de expedición de visados para estudantes, que ten por obxectivo facilitar os procedementos burocráticos relativos a visados para estudantes procedentes de fora da Unión Europea.
- A primeira semana de decembro realizouse unha visita a Albania (Universidades de Elbasan, Marin Barleati e University of New York en Tirana) a través do Consorcio de Comercio Exterior no que participa a UDC xunto con outras universidades e centros de formación profesional do estado. Estudáronse posibilidades de mobilidade de estudantes e persoal, dentro e fora do Consorcio, a nivel de grao e de doutoramento. Ademais concertáronse convenios de prácticas Erasmus no ámbito de Economía e de Arquitectura.

Estanse a preparar distintas propostas de proxectos para a convocatoria aberta de proxectos Erasmus +. Estas propostas inclúen proxectos Capacity Building e Alianzas Estratéxicas en diversas áreas: Bioinformática, robótica, intelixencia artificial, didáctica da química, branding e mercadotecnia dixital, didáctica do inglés como medio de instrución, entre outros. A Oficina de Relacións Internacionais está a brindar soporte técnico a estas solicitudes

Finalizado o prazo de propostas da International Summer School para A Coruña o pasado venres 14, recibimos un total de 28 propostas de curso, que esta semana serán revisadas polo comité avaliador. Este ano organizaremos tamén a International Summer School en Ferrol. A convocatoria de propostas de cursos abrirase o próximo mes de xaneiro.

**O vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** informou de seguido do seguinte:

Celebrouse unha reunión informativa para recibir os datos dos ingresos do fondo estrutural e de resultados para o ano 2019.

Confirmouse a recepción e aprobación da quinta certificación do fondo RAM correspondente aos gastos asignados entre o 23 de outubro e o 9 de decembro que ascende a 114.011,06€ polo que deste xeito xustificase o 100% do fondo RAM (1.067.923,81€). Tamén se informa que xa cobramos a cuarta certificación que ascende a 329.150,59 €.

O aforro acumulado en enerxía eléctrica no período de xaneiro a outubro de 2018 derivada da compra de enerxía ascende a 110.000€ (cifra redondeada).

Estamos a traballar en medidas que permitan unha mellora da xestión económica da tramitación dos contratos menores xa que hai moitos expedientes a validar. Faise necesario,



entre outras medidas, realizar una planificación mais axeitada do gasto. Tamén se vai a implantar a compra centralizada e os acordos marco.

Aceptouse a quinta e derradeira xustificación do fondo RAM polo que se logra un ano mais o 100% de execución orzamentaria, cuxo valor é de 1.067.923,81€. A continuación explícanse dun xeito resumido os orzamentos.

Imputacións e validacións de expedientes de gasto

Imputacións:

- Informe V-019-18, 20.11.18 por un importe de 23.936,61€;

Total imputado: 23.936,61€

Validacións:

- Informe C-015-18 por un importe de 1.481.192,42€
- Informe C-016-18 por un importe de 43.956,65€

Total validado: 1.525.149,07€

A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** informou dos seguintes asuntos:

Informou da publicación da Convocatoria de bolsas de carácter xeral do plan propio da Universidade da Coruña destinadas ao aloxamento dos estudantes para o curso 2018/2019. Convocatoria de bolsas de renovación e de nova adxudicación para estudos de másteres universitarios oficiais na UDC, curso 2018/2019. Convocatoria da Universidade da Coruña para o Programa de bolsas Prácticas Fundación ONCE-CRUE para estudantes universitarios con discapacidade.

Este mes comezou outra actividade mensual na área de cultura De Corpos presentes. Ciclo de conversas arredor das artes performativa. De corpos presentes é un proxecto ou plataforma de produción, investigación e difusión das artes performativas contemporáneas en Galicia; un campo cunha comunidade artística moi fértil e activa – tanto no plano creativo e de creación de coñecemento sobre o noso presente, como na súa capacidade mediadora e dinamizadora a nivel social.

O coro universitario da UDC celebrou o seu habitual concerto de Nadal na Igrexa de Xesús Cristo dos Santos dos Últimos Días o 12 de decembro en fronte mesmo do **Campus de Oza**. Hoxe celebra o concerto no Campus de Ferrol as 20:00.

Desde o 12 de decembro, o Pavillón de Estudantes do Campus de Elviña acolle a exposición #emblemasXXI.

NORMAL inaugurou a exposición do artista ferrolán Eduardo Hermida “Retratos, círculos e outros pictorialismos”. Eduardo Hermida procura nesta exposición un



diálogo entre a pintura e a fotografía. O círculo como simbolismo representativo da eternidade, a plenitude e o absoluto é o eixe sobre o que xira a mostra creando unha coherencia expositiva que une cada obra coa anterior.

Este mes firmouse un convenio coa Deputación da Coruña para o programa de divulgación científica e cultural da Universidade da Coruña. A través deste convenio, a Deputación achega 103.000 euros para financiar, en colaboración coa institución académica coruñesa, un amplo calendario de actividades entre as que destacan xornadas de divulgación ou iniciativas coma os premios Expociencia.

O Servizo de Estudantes da UDC, asistiu onte a Unitour en Vigo e hoxe en Coruña, para presentar a UDC, así mesmo, todos os graos da UDC.

A continuación a vicerreitora do **Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** tomou a palabra para informar do seguinte:

- O día 30 de novembro no salón de actos Concepción Arenal do Campus de Ferrol e organizado pola Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC, tivo lugar o acto institucional do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Neste acto Carme Adán, filósofa experta en temas de igualdade de xénero impartiu a conferencia plenaria. Ademais deuse lectura ao manifesto da Rede de Unidades de Igualdade para a Excelencia Universitaria e entregáronse os premios do VI Concurso *Ángeles Alvariño* para Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero.
- O Día internacional das persoas con discapacidade, a Unidade de Atención á Diversidade organizou baixo o título “Outra forma de voar” unha Xornada sobre Enfermidades Raras.

A Xornada realizouse na Facultade de Ciencias da Educación, e participaron preto de 300 persoas.

- A Rede de Servizos de Apoio a Persoas con Discapacidade nas Universidades Españolas da que forma parte a UDC, con motivo dese Día Internacional das Persoas con Discapacidade elaborou un “**comunicado institucional**” e difundiu un vídeo que foi realizado pola Unidade de Atención á Diversidade da nosa Universidade no que se recolle a situación das persoas con discapacidade con respecto á educación superior.
- A Cátedra UDC-Navantia, inaugurou as actividades deste curso académico o día 5 de decembro, cunha conferencia impartida pola catedrática de Microbioloxía da Universidade de Santiago de Compostela, Alicia Estévez Toranzo.

Durante o acto entregouse o premio Navantia á innovación, para traballos de fin de mestrado.

## **Comunicado da Rede SAPDU no Día Internacional das Persoas con Discapacidade**

- “Os Servizos de Apoio a Persoas con Discapacidade nas Universidades Españolas son o motor de cambio para lograr unha sociedade máis inclusiva, tolerante, accesible e transparente. Desde o principio de igualdade de oportunidades durante estes anos consolidáronse os servizos de apoio ás persoas con discapacidade nas nosas universidades. Asumimos os principios de inclusión educativa en consonancia coa lexislación internacional, nacional e universitaria.



- Desde a década dos noventa, as universidades españolas facilitaron os procesos para o acceso e inclusión das persoas con discapacidade que, timidamente, chegaban ás nosas aulas universitarias. No ano 2009, as universidades creamos a Rede dos Servizos de Apoio a Persoas con Discapacidade nas Universidades Españolas colaborando coa comisión sectorial de Crue Asuntos Estudiantís.
- Actualmente, atendemos a vinte e dúas mil persoas, o que supón que nunha década incrementamos a atención en máis dun 125%, a pesar de todo isto, queda moito por facer. Como indica o informe ODISMET de 2017, o 15% das persoas con discapacidade teñen estudos universitarios fronte ao 33% da poboación xeral con titulación universitaria. Aínda que imos polo bo camiño, seguiremos potenciando a inclusión das persoas con discapacidade, tanto dentro como fóra do sistema universitario. Este enfoque transversal atinxe a toda a comunidade universitaria e á sociedade.
- Coincidindo co Día Internacional das Persoas con Discapacidade lanzamos a campaña #masQservicios na que queremos dar a coñecer o noso labor e a importancia do traballo que realizamos na rede, para lograr unha equidade e igualdade de oportunidades para todas as persoas con discapacidade”.

Por último toma a palabra o **xerente** para informar das seguintes resolucións e instrucións:

RESOLUCIÓN REITORAL DO 05-12-2018 POLA QUE SE ESTABLECE O PLANO DE CONTROL INTERNO PROPOSTO POLA XERENCIA EN APLICACIÓN DA RESOLUCIÓN REITORAL DO 31-05-2018 POLA QUE SE ESTABLECE O IMPORTE EXCEPTUADO DA FISCALIZACIÓN LIMITADA PREVIA NOS EXPEDIENTES DE GASTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

O día 5 de decembro de 2018 publicouse a Resolución Reitoral pola que se establece o plano de control interno proposto pola xerencia. Esta resolución dítase en aplicación do disposto no apartado Terceiro da Resolución Reitoral do 31-05-2018 pola que se establece o importe exceptuado da fiscalización limitada previa nos expedientes de gasto da Universidade da Coruña.

A súa finalidade é asegurar que a tramitación dos expedientes de gasto exceptuados de intervención previa se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e se adecúa a directrices de eficiencia na asignación e xestión dos recursos públicos limitados.

No primeiro trimestre do vindeiro ano o Servizo de Intervención realizará un informe no que se detallarán as irregularidades e/ou deficiencias na tramitación dos expedientes seleccionados e as recomendacións que cómpre seguir para mellorar a xestión do gasto, baseado nas conclusións obtidas tras os controis realizados.

RESOLUCIÓN REITORAL DO 17-12-2018 POLA QUE SE PRORROGA A RESOLUCIÓN REITORAL DO 31-05-2018 POLA QUE SE ESTABLECE O IMPORTE EXCEPTUADO DA FISCALIZACIÓN LIMITADA PREVIA NOS EXPEDIENTES DE GASTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

Tamén, en liña co anterior xa que segundo o disposto no apartado Cuarto da Resolución Reitoral do 31-05-2018 pola que se establece o importe exceptuado da fiscalización limitada previa nos expedientes de gasto da Universidade da Coruña: “A



vixencia desta resolución será ata o peche do presente exercicio económico, agás prórroga expresa antes desa data.”, mediante Resolución Reitoral do 17-12-2018 determinouse expresamente esta prórroga para o exercicio económico 2019.

**PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO PARA A XUSTIFICACIÓN DAS INCORPORACIÓNS DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2018 AO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2019.**

O día 11 de decembro publicouse o Procedemento administrativo para a xustificación das incorporacións de créditos do orzamento de gastos do exercicio económico de 2018 ao orzamento de gastos do exercicio económico de 2019.

O contido desta resolución, en resumo, é que se establecen dous tipos de procedementos de incorporacións: o abreviado e o ordinario.

O procedemento abreviado aplicarase aos proxectos correspondentes a:

- Proxectos nacionais.
- Actuacións de Infraestruturas.
- Proxectos europeos.
- Programas de recursos humanos

No caso do procedemento ordinario:

a) O prazo ordinario de solicitude de incorporacións será do 2 ao 18 de xaneiro de 2019, agás os expedientes afectados polas situacións específicas de “incorporación anticipada” e de “incorporación de saldos unha vez pagada a Seguridade Social de decembro”, deste procedemento. Para estes expedientes a Xerencia, no caso de ser necesario, poderá establecer un prazo adicional.

b) A tramitación dos expedientes de incorporación adecuarase ao establecido nas Bases de execución do orzamento 2018, Os créditos incorporaranse mentres estean vixentes os proxectos, persista o dereito á percepción do ingreso que os financia, ou para proceder a devolución do remanente non executado unha vez rematada a axuda.

**INSTRUCCIÓN DA XERENCIA SOBRE O RÉXIME RETRIBUTIVO NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL AO SERVIZO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.**

Finalmente, informo que onte a Xerencia e a Xunta de Persoal consensuaron o texto da Instrución da Xerencia sobre o réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Universidade da Coruña. Deste xeito, o persoal acadará o 100 % das súas retribucións fixas do mes de inicio da IT.

Esta instrución publicarase, previsiblemente, pasado mañá e terá efectos retroactivos con data 1 de setembro de 2018.



## ACORDOS

2. Aprobouse a acta da sesión anterior de 28 de novembro de 2018
3. Aprobáronse os contratos e convenios celebrados desde a anterior sesión – **anexo III**
4. Aprobouse a proposta de premios extraordinarios de fin de carreira, curso 2017-2018 – **anexo IV**
5. Aprobouse a proposta de modificación da normativa de constitución e recoñecemento de Grupos de Innovación Educativa – **anexo V**
6. Aprobouse, con 31 votos a favor, 1 abstención e 1 voto en contra, o anteproxecto de orzamentos e do Plano Operativo Anual (POA) da UDC para o exercicio 2019 - **anexo VI**

ANEXO (Resumo da intervención do vicerreitor na presentación deste punto)

7. Aprobouse a proposta de convocatoria de prazas de corpos docentes universitarios - **anexo VII**
8. Aprobouse a convocatoria de prazas de PDI contratado – **anexo VIII**
9. Aprobouse a proposta de concesión de licenzas – **anexo IX**
10. Aprobouse a proposta de cambios de dedicación do PDI – **anexo X**
11. Aprobouse a proposta de autorización de venias docendi – **anexo XI**
12. Aprobouse a proposta de Regulamento de Participación da UDC – **anexo XII**
13. Aprobáronse as propostas de Regulamentos de réxime interno dos Departamentos de Educación Física e Deportiva e do Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición – **anexo XIII**
14. Aprobáronse a proposta de Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias da Educación e da Facultade de Socioloxía – **anexo XIV**

Logo de se tratar todos os asuntos incluídos na orde do día, a sesión rematou ás 12:50 horas.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público, o ficheiro electrónico comprensivo da gravación da sesión pode consultarse no seguinte enderezo: <https://youtu.be/hMSuJUujlhg>

(coa pegada dixital SHA-1: BFFBF0B7AC5672369CAE98AF9C927E0C69F10F16)

## ANEXO

**6.- Aprobación do proxecto de orzamento do 2019 e do POA**

Este é o resumo do **orzamento** que se somete a súa aprobación.

- Continúase nun contexto orzamentario restritivo, xa que o orzamento está por debaixo dos niveis anteriores á crise económica. Este feito limita a realización de actuacións importantes de investimento en capital.

- Leve Mellora do financiamento estrutural

O fondo estrutural pasou dos 70,14 M€ aos 72,12 M€, mais este incremento vai dirixido integramente a sufragar o incremento dos custos de persoal para o ano 2019. Ademais, existe unha dotación adicional para compensar a perda de financiamento como consecuencia deste incremento retributivo.

- Mellora do peso relativo ou ponderación no financiamento por resultados

Existe unha mellora importante na ponderación do subfondo dos complementos retributivos e no panel de indicadores. No caso do panel de indicadores, este crece do 21,04%, a principios de 2016, até 24,02% para o próximo ano 2019. En termos absolutos, ascende dos 11,60 M€ a 16,41M€. Este dato indica que a Universidade da Coruña está a mellorar o rendemento da actividade investigadora e de transferencia. E necesario destinar unha parte importante do fondo de resultados (panel de indicadores) para afrontar os gastos de persoal mais a finalidade deste fondo é outra como é o financiamento de estadias de investigación, investimento en infraestruturas, equipamento tecnolóxico, renovación tecnolóxica, etc.

A UDC presenta un orzamento para o ano 2019 un orzamento de 129.967.323,45€ o que supón un incremento porcentual dun 5,41%.

- O gasto corrente previsto de capítulo I aumenta un 4,58%. O total ascende a 96,421 millóns de € o que supón case un 74,19% do gasto total.

- Existe un incremento dos gastos correntes (6,22%) motivado polo incremento en partidas como mantementos de equipos de investigación e informáticos, seguridade, actividades culturais e deportivas, axudas en bono-bus, etc. O total ascende a 16,553 millóns de €, o que supón un peso do 12,74%. Este é un dato negativo polo que é imprescindible racionalizar o gasto corrente en tódalas unidades de gasto.

- No apartado de investimentos reais existe un incremento do gasto (13,45%) e alcanza unha cifra de 11,318 millóns de euros.
- As transferencias correntes ascenden a 4,747 millóns de €, que representa un 3,65%, incrementa un 3,17%.
- O fondo de continxencia (0,35 millóns) non varia. Os gastos financeiros (0,028 millóns de €) se reducen e os pasivos financeiros permanecen constantes (0,55 millóns de €).
- Os ingresos por taxas, prezos públicos e outros ingresos incrementan un 1,71% ate chegar aos 16,950 millóns de €. O lixeiro incremento ven derivado principalmente do incremento en ingresos diversos e doutros ingresos procedentes de prestación de servizos (alugueres, custos indirectos e facturación por prestación de servizos de investigación).
- As transferencias correntes incrementáanse fundamentalmente pola mellora do financiamento estrutural, o cal pasa de a 70,14M€ a 72,12M€. O incremento total neste capítulo é de 3,52%.
- Hai un incremento en investimentos por capital (22,10%), cun montante final de 16,714 millóns de euros.

#### - Programa de mellora da calidade

Conseguíuse lanzar o primeiro grao interuniversitario no SUG por medio do grao en Paisaxe que comezou no campus de Lugo da USC e continuará na Coruña nos cursos terceiro e cuarto; acadouse a mellora nos graos con docencia en inglés; e mellorouse a posición nos rankings internacionais. Vaise afondar no desempeño destes plans de acción de cara aos anos 2019 e 2020.

#### - Políticas de aforro e mellora da xestión económica

Vaise continuar coa implantación de programas de aforro como a compra de enerxía, a adhesión a centrais de compra, a xestión do IVE de investigación e un maior control de ingresos ou dos dereitos de cobro.

#### - Equilibrio orzamentario

O equilibrio orzamentario sitúase no nivel dos 129,967 millóns. O balance do exercicio económico do ano 2019 presenta un escenario no que se está a producir un lixeiro incremento nos ingresos correspondentes ao capítulo III, unha mellora das transferencias correntes (capítulo IV) no que se inclúe a mellora do



financiamento estrutural. Para facer fronte a determinadas actuacións, caso dos programas de eficiencia enerxética, ou continuar con políticas de aforro, é necesario realizar investimentos en capital os cales permitirán a medio prazo axudar a reducir os gastos correntes.

No que respecta ao **POA** explícanse os principais puntos.

Esta Universidade quere potenciar cinco grandes áreas que corresponderían a seis obxectivos estratéxicos: i) A configuración definitiva dos Campus de Especialización, ii) A definición dunha nova oferta académica e innovación docente, iii) a potenciación da investigación e transferencia, iv) un maior compromiso coa internacionalización, v) unha mellora da xestión económica e das infraestruturas e finalmente vi) a potenciación da marca UDC e o compromiso social. A continuación resáltanse os principais resultados acadados e os programas previstos para dar resposta a eses obxectivos. Entre as principais novidades con respecto aos anos anteriores destacan a implantación dos tres Campus de Especialización, a nova oferta académica para os próximos cursos académicos; a potenciación dos centros de investigación; un maior impulso da internacionalización e un maior aforro como resultado das políticas de eficiencia enerxética. A explicación detallada de cada unha das liñas está explicada no documento que se puxo a dispor dos membros do consello de goberno.